

DEPORTE E MEDIO AMBIENTE

En 1996 celebrouse en Barcelona un Congreso Mundial sobre Deporte e Medio Ambiente, onde se publicaron as seguintes conclusións:

- É responsabilidade de todos e cada un de nos desenvolver as súas actividades con pleno respecto ós principios de conservación, defensa, e mellora do medio ambiente.
- Os Estados teñen a responsabilidade de promover e salvaguardar a protección do medio ambiente, tamén no ámbito deportivo, para o cal deberán ditar a lexislación adecuada e propiciar políticas e actuacións dirixidas neste sentido.
- Que as organizacións deportivas deben seguir o impulso do Comité Olímpico Internacional e ordenar todas as súas actividades dun modo responsable co medio ambiente.
- Que os deportistas deben ser exemplo para todos os cidadáns dun comportamento sensible e respetuoso co entorno natural.
- Que somos conscientes de que todo acontecemento deportivo comporta impactos ó medio ambiente e que é responsabilidade dos organizadores tomar medidas tendentes a prevelos, minimizalos e compensalos. O respecto deberá extenderse, non só ó entorno natural senon ás condicións sociais, históricas e culturais das poboacións anfitrionas.
- Que as instalacións deportivas deberán ser proxectadas, construídas e mantidas tendo en conta as súas implicacións ambientais cun enfoque bioclimático da arquitectura e dos espazos urbanos, procurando a multifunción e usos futuros do chan.
- Que a práctica do deporte que se desarrolla en contacto coa natureza debe realizarse dunha forma que se teña en conta os ecosistemas nos que se practica, evitando por en perigo a súa flora e fauna, así como a calidade do aire, da auga e da terra.
- Que o sector deportivo fai seus os valores da cultura ambiental, comprometéndose a ter presente os principios de redución, reutilización e reciclaxe.
- Que a práctica deportiva é un dereito dos cidadáns que require que os elementos ambientais, especialmente o aire e a auga gocen das condicións de calidade axeitadas.
- Que debemos asegurar que nos deportes nos que participan animais, éstos sexan tratados con dignidade e que naqueles que consisten na súa caza ou captura, respetaranse os ciclos biolóxicos e hábitats naturais das distintas especies.
- Que cremos firmemente que a educación é o único instrumento seguro para mellorar o comportamento e a condición do ser humano e que é responsabilidade de todos participar neste proceso.
- Os sistemas públicos educativos deben incorporar ou reforzar os seus contidos en educación ambiental e deportiva.
- Que toda reunión deportiva é un momento propicio para facer presentes as simbioses entre deporte e ambiente e orientar ós espectadores hacia comportamentos respetuosos tanto co contrario como co entorno.
- Que o deporte, como movemento humanista universal acollerá e promocionará os valores éticos ambientais e contribuirá á difusión de novas pautas culturais na relación do home coa natureza.